

## ASISTENTES

Caparrini Marín, Natalia (presidenta)  
Pita Carballo, José Luis (secretario)  
Alverte Pivida, Rodrigo  
Barreiro Rodríguez, Covadonga  
Casal Guisande, Manuel  
Cuevas Alonso, Miguel  
Fernández Fernández, Federico  
García González, Silvia  
Lima González, Estela  
Santos Grandal, Juan  
Villanueva Villar, Mónica

Acta da sesión extraordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do martes **05 de maio de 2026**, ás 08:45 h. en primeira convocatoria e ás 09:00 h. en segunda convocatoria, na Sala de reunións do 2º andar do Edificio Exeria e na Sala 16 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

O día **05 de maio de 2026** ás 09:00 h., en segunda convocatoria, deu comezo a sesión extraordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **1. Toma en consideración do escrito presentado por Pablo Abelleira Acebedo.**

A presidenta da Comisión Electoral comenta o escrito e comunica que se lle deu traslado ao delegado de protección de datos da Universidade de Vigo para que emita informe, cousa que aínda non fixo. Comenta tamén que, polo que respecta á Comisión Electoral, non se incumpre nada por non existir petición expresa de voto.

Silvia García pide esperar a ter informe e logo contestar todas as peticións xuntas.

Apróbase por asentimento.

### **2. Determinación do criterio aplicable no suposto de empate no proceso electoral para a elección á Reitoría da Universidade de Vigo.**

A presidenta di que, ao non haber nada escrito sobre posible empate nas eleccións á Reitoría, vaise utilizar o mesmo criterio que propón o Regulamento para eleccións ao Claustro.

Primeiro maior antigüidade, e segundo maior idade.

### **3. Ratificación do acordo relativo aos equipos de candidatura nas eleccións á Reitoría.**

Ratifícase o acordo acadado.

### **4. Outros asuntos de interese.**

Pídese delegación na Presidencia da resolución dos asuntos que xurdan durante a xornada electoral.

Apróbase por asentimento.

Relátanse as mesas e centros onde estarán os interventores solicitados polas tres candidaturas. En total son 44.

En canto ás renuncias a candidato/a, di a presidenta que foron 5 persoas entre PDI-A, PDI-B e estudantado.

En canto aos medios electrónicos de acreditación da identidade, non se admite DNI-e nin carnet de conducir ou tarxeta universitaria virtual por falta de recursos para poder comprobar a veracidade dos datos, segundo acordo da Xunta electoral central para as elección xerais en España.

Mandarase aviso á presidencia das mesas electorais así como á comunidade universitaria.

Requisitos para vicerreitor. Hai una candidatura que ten dous membros que non compren os requisitos para seren nomeados vicerreitores por seren axudantes doutores cando o requisito é que sexan PDI a tempo completo. A presidenta informará cando proceda.

Servizo de autobús. A ECIMAT e Redeiras solicitaron servizo de bus para trasladarse á Facultade de Comercio para votar. Pedirase dispoñibilidade ao Parque Móbil para ver si se pode poñer en marcha unha ruta de mañá e outra de tarde.

Federico Fernández pide que se mande un correo dicindo que durante a xornada de reflexión non se deben mandar e-mails en ton electoral.

Cartelería. Non se van retirar os carteis físicos a menos que ocupen un espazo próximo á zona de votación e así mesmo coas pantallas.

A presidenta pide aos membros da comisión que estean atentos ao móbil e ao correo durante a xornada electoral polas posibles incidencias que puideran xurdir.

Apróbase a creación dun grupo de whatsapp para axilizar a resolución de incidencias.

Sen máis asuntos que tratar remata a xuntanza sendo as 09:45 horas do que eu como secretario dou fe.

A presidenta da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral